CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a</li> </ul>

## Contidos

- coprodución de textos orais, escritos e multimodais.
- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.
- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigaición e a prohibición.
- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.
- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.
- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.
- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.
- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.
- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.
- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.
- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.

## Contidos

- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira ten que enfocarse cara o desenvolvemento das catro macro destrezas básicas da comunicación: Comprensión e expresión oral e comprensión e expresión escrita. Esta técnica denomínase "Integrating Skills" e nela combínanse actividades de "Listening", "Reading", "Speaking" e "Writing" (Escoitar, ler, falar e interactuar e escribir). Trátase de unha metodoloxía global con actividades que busquen a integración dos elementos citados. Para lograr este obxectivo este departamento recorreu ás seguintes pautas metodolóxicas:

#### A) - COMPRENSIÓN ORAL E ESCRITA (ESCOITAR E LER):

Trátase de que o alumnado sexa capaz de comprender información global e específica de mensaxes orais e escritas relativas ás diversas situacións habituais da comunicación. Para poñer en práctica estas destrezas de comprensión seguiremos as seguintes fases:

1. FASE INICIAL: nesta fase intentaremos coñecer o que o alumnado xa sabe sobre os temas dos textos que van a escoitar ou ler. Tamén escolleranse un número limitado de palabras cuxo significado convén aclarar antes de comezar a actividade, evitando así posibles problemas na comprensión global da mensaxe.
2. FASE DE ESCOITA E LECTURA (LISTENING /READING): Nesta fase é moi importante facer fincapé na idea de que non é necesaria a comprensión total da mensaxe. O alumnado sintese frustrado ante esta situación, e é por tanto importante subliñar o feito de que o descoñecemento ou non comprensión de certas partes dunha mensaxe non implica a mala execución da tarefa a realizar.
3. FASE FINAL: é aquela na que o alumnado plantexará as súas dificultades ó profesor. Este deberá analizar os resultados da actividade e facer reflexionar ós alumnos sobre o seu propio progreso, inculcándolles a idea de que o desenrolo destas destrezas é lento pero continuado.

#### B) - EXPRESIÓN ORAL (FALAR E INTERACTUAR):

A produción oral desenróllase á vez que a comprensión oral, tal como sucede en calquera interacción comunicativa da vida real. O alumnado ten que producir mensaxes orais e tamén necesitan entender as producións dos seus interlocutores. É na práctica desta destreza onde o alumnado amosa unha maior inseguridade. É importante que os alumnos amosen unha actitude de respecto e interese por comprender e facerse comprender, e que acepten o erro como parte normal do proceso de aprendizaxe. Na práctica desta destreza fomentaranse as tarefas por parellas ou grupos. O profesor deberá animar ao alumnado a pensar ou tomar notas sobre o que van dicir antes de comezar a falar. É conveniente que o profesor realice unha demostración da actividade con axuda dun alumno para asegurarse de que todos comprenden no que consiste.

#### C) - EXPRESIÓN ESCRITA:

Na expresión escrita levaremos a cabo actividades de dous tipos: por unha banda, e dirixida a alumnado con un nivel máis baixo, a escritura será guiada, proporcionando modelos ou guións a seguir. Por outra banda, e canto teñan alcanzada unha certa base, a escritura será libre e poderán expresarse con maior liberdade. En todo caso, trataremos de que desenrolen estratexias que favorezan unha mellor expresión escrita, tales como: facer guións ou esquemas previos a presentación final, uso de vocabulario e expresións axeitadas ao contexto, narración de feitos cunha secuencia lóxica de ideas, coidar a presentación, etc.

#### D) - APRENDIZAXE AUTONOMA:

O afondamento na aprendizaxe do inglés debe ser un proceso consciente que o alumnado poida ir alterando de acordo coas súas capacidades e progresos. Neste senso consideramos que é importante que, por unha banda, o profesor propoña estratexias, consellos e ideas que contribúan a mellorar e reforzar aqueles aspectos nos que o alumnado amose unha maior dificultade, e por outra banda, deberá asegurarse de que sexan capaces de manexar de forma autónoma os materiais de referencia, tales como gramáticas, dicionarios, tecnoloxías da información e a comunicación, etc que lles permitan unha aprendizaxe máis autónoma e de acordo coas súas capacidades, así como inculcarlles a adquisición de hábitos de estudo, organización do material, etc que lles faciliten a aprendizaxe da lingua. O profesor terá sempre en conta que o nivel do alumnado é diverso e, polo tanto, aínda que o punto de partida sexan os coñecementos previos, as actividades de repaso e reciclaxe deberán formar parte esencial da aprendizaxe da lingua.

#### E)- CONSIDERACIÓNS XERAIS:

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto e libro de exercicios TEAMWORK 1 da editorial Burlington books. (papel)
Libro de texto e libro de exercicios DIXITAL TEAMWORK 1 da editorial Burlington books.
Libros de lectura non obrigatoria, revistas, comics, películas, dicionarios, gramáticas, exercicios extra, a disposición do aumnado na biblioteca do centro e no departamento de inglés
Material complementario para o alumnado IS Interactive Student e World App para móvil
Student's Zone na páxina web da editorial <a href="http://www.burlingtonbooks.es">www.burlingtonbooks.es</a> con material complementario para o alumnado

Teacher's Zone na páxina web da editorial <a href="http://www.burlingtonbooks.es">www.burlingtonbooks.es</a> con material complementario para o profesorado
Curso na aula virtual do centro o Edixgal: ENGLISH 1º ESO con diversos recursos, tales como, audios, videos, animacións gramaticais, exercicios interactivos, recursos DUA, PDFs con exercicios de reforzo e ampliación de contidos segundo as necesidades individuais do alumnado, etc .
Ordenador e encerado dixital en todas as aulas
Equipos informáticos. Alumnado con ordenador da Xunta como parte do programa Edixgal noutras materias.
Outras actividades creadas polo docente (papel/dixital).

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase mediante a realización dun test que permitirá determinar as fortalezas e carencias que poida ter o alumnado ao principio de curso.

As probas que se fagan para a avaliación inicial do alumnado basearanse exclusivamente nas aprendizaxes mínimas imprescindibles impartidas no curso pasado. En ningún caso poderán incluírse nelas contidos non impartidos.

Nas xuntanzas de avaliación inicial, o profesorado do departamento tomará nota de todo aquel alumnado que como resultado dos informes finais individualizados realizados en xuño do curso anterior requira dalgún reforzo na materia ou incluso de adaptacións curriculares, se fora necesario.

Ademais disto, todo aquel alumnado que pasara de curso coa materia pendente ou que repetira por ter suspensa entre outras o inglés, recibirá reforzo educativo ou, de selo caso, adaptación curricular nesta materia dende o inicio de curso.

Unha vez realizadas as xuntanzas de avaliación inicial, cada profesor porá a disposición do xefe de departamento unha listaxe na que fará constar o alumnado que deberá recibir medidas de atención á diversidade e cales son esas medidas.

A través dos titores dos grupos, as familias recibirán a información pertinente da aplicación destes reforzos ou adaptacións.

A xefatura de departamento dará conta ao profesorado de todo o dito anteriormente na primeira xuntanza do presente curso.

En calquera caso a proba de AVALIACIÓN INICIAL abranguerá todos os aspectos da aprendizaxe da lingua:

- Expresión oral: O alumnado lerá textos curtos en voz alta, fará diálogos cos compañeiros ou falarán co profesor.
- Comprensión oral: O alumnado escoitará un texto reproducido por medios mecánicos e responderá a preguntas de comprensión.
- Expresión escrita: O alumnado redactará un texto dunha certa extensión sobre temas coñecidos .
- Comprensión escrita: Contestarán a preguntas de comprensión xerais e específicas dun contexto dado.
- Coñecementos lingüísticos: O alumnado realizarán unha proba sobre elementos sintáctico-discursivos do idioma e léxico.

É importante sinalar que esta proba inicial NON computará á hora de cualificar ao alumnado; servirá unicamente para detectar alumnado que poida presentar xa dende o inicio do curso problemas de aprendizaxe graves na materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>1</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>20</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	50	50	50	50

Unidade didáctica	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>101</b>
<b>Proba escrita</b>	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	<b>50</b>

### Criterios de cualificación:

A avaliación nesta materia é continuada e progresiva.

- O 1º trimestre terá un peso do 20% da cualificación final.
- O 2º trimestre terá un peso do 30% da cualificación final.
- O 3º trimestre terá un peso do 50% da cualificación final.

As cualificacións redondearanse a partir do 0,7 na primeira e segunda avaliación e do 0,5 na terceira e na final.

A cualificación final obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres, tendo en conta a nota cos decimais (non a nota redondeada) acadados en cada avaliación.

A avaliación final será positiva cando:

A)O alumno acade un mínimo de 4,5 ao facer a media ponderada das tres avaliacións.

B)O alumno obteña un mínimo de 4,5 na terceira avaliación aínda que a media ponderada non chegue ó 4,5. Neste caso, a nota final será SEMPRE un 5.

Avaliaranse as probas escritas, orais, a interacción na clase e os proxectos ou situacións de aprendizaxe. A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

- 10% Comprensión lectora
- 10% Comprensión oral
- 5% Mediación oral/ escrita
- 5% Interacción e interculturalidade
- 10% Producción oral
- 10% Producción escrita

- 30% Plurilingüismo (20% gramática e 10% vocabulario)
- 20% Proxectos e situacións de aprendizaxe

## Alumnado de incorporación tardía

- No caso de que o alumnado teña cualificacións dos tres trimestres, seguirase os criterios anteriormente mencionados.
- No caso de que non teñamos as cualificacións da primeira avaliación, a media ponderada calcularase cun peso dun 40% na segunda avaliación e un 60% na terceira.
- No caso de que non teñamos cualificacións da primeira nin da segunda avaliación, a nota final será o 100% da terceira avaliación.

### Outros escenarios e aclaracións

- Cando un alumna/alumno copie, ou deixe copiar, por calquera tipo de medio durante a realización dunha proba, a súa nota será 0 en dita proba.
- O alumnado que falte a unha proba ou entregue un traballo con retraso deberán xustificalo debidamente para que sexa considerada un cambio de data para dita proba ou traballo.
- En caso de non ter xustificación, darase a oportunidade de entregar o traballo na seguinte clase de forma excepcional cunha penalización sobre a nota dun punto.

### Criterios de recuperación:

Dado que a materia é continua e progresiva, non haberá probas de recuperación parciais. A materia recupérase cando:

A) O alumno acade un mínimo de 4,5 ao facer a media ponderada das tres avaliacións.

B) O alumno obteña un mínimo de 4,5 na terceira avaliación aínda que a media ponderada non chegue ó 4,5. Neste caso, a nota final será SEMPRE un 5.

En caso de non acadar o 4,5 na terceira avaliación, o alumnado terá a oportunidade de facer unha proba escrita que incluírá toda a materia coas seguintes porcentaxes: gramática e vocabulario 50%, reading 25%, writing 25%.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste apartado recóllese o plan de reforzo para o alumnado de Lingua Estranxeira - Inglés, que pasou de curso coa materia sen superar. Este plan está elaborado pola xefatura do departamento, coa supervisión do todo o seu profesorado, conforme ao recollido no artigo 51 da orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o decreto 229/2011.

#### 1. Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar:

Tendo en conta o obxectivo fundamental deste plan, os contidos avaliábelos esixiranse no grao mínimo de consecución.

O alumnado que promocionou de curso sen ter superada a materia Lingua estranxeira - inglés do curso precedente, é avaliado exclusivamente polo profesorado encargado do curso no que se atopa o alumno coa materia pendente. O xefe do departamento estará ao dispor dese profesorado e será informado de cales foron os resultados parciais e finais da avaliación do alumnado implicado.

#### 2. Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación:

O obxectivo é que o alumnado adquira os coñecementos mínimos esixidos.

O profesorado:

o Propón as tarefas e avalía o traballo que teña que realizar o alumnado, debendo éste respectar os prazos que se establezan para as entregas.

o Valora positivamente os resultados obtidos polo alumnado nas probas correspondentes ao curso actual dado o carácter progresivo da nosa materia

Aquel alumnado que non realiza as actividades do programa de reforzo, será avaliado exclusivamente a partir das

cualificacións que obteña nas probas escritas.

Para a cualificación de cada unha das dúas probas parciais o 10% da nota virá dado pola realización das tarefas propostas no plan de reforzo, e o outro 90% dela corresponderase coa da proba escrita. Estas probas consideraranse aprobadas cando a nota sexa igual ou superior a cinco.

A nota da terceira avaliación virá dada pola media aritmética das notas das probas parciais.

### 3. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento:

Ao comezo do primeiro trimestre o xefe de departamento convocará unha reunión para que o profesorado que teña nas súas aulas alumnado coa materia pendente de cursos anteriores saiba o modo de proceder e así o transmita aos seus alumnos e alumnas. Nesta reunión informarase das características xerais do programa de recuperación: liña de traballo, datas das probas, criterios de avaliación, relación global de actividades a desenvolver.

Toda esta información estará a disposición do alumnado en cada un dos cursos existentes na aula virtual (ENGLISH 1º ESO PENDIENTES ENGLISH 2º ESO PENDIENTES e ENGLISH 3º ESO PENDIENTES) e tamén a través da web do centro (sección correspondente ao departamento de inglés), e ademais exporase nos lugares habilitados para este fin nos corredores do instituto.

Nos primeiros días do curso o profesorado do departamento fará explícito, diante do alumnado que estea ao seu cargo e que teña a materia pendente, cales serán as tarefas a desenvolver para acadar a recuperación das aprendizaxes.

Ao longo do primeiro e segundo trimestres cada profesor determinará as tarefas a realizar e os seus prazos de entrega (será fundamental o cumprimento deses prazos).

### 4. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

Os recursos utilizados serán os mesmos que para o resto do alumnado: Aula virtual, libros de texto e exercicios do curso, vídeos explicativos, PowerPoint, arquivos de audio, cadernos ou fichas de exercicios de reforzo, materiais de elaboración propia, enlaces a páxinas web de interese, enlaces a ferramentas online para a entrega das tarefas na forma indicada.

### 5. Temporalización :

As actividades e exercicios propostos polo profesorado do noso departamento para orientar as tarefas a realizar polo alumnado seranlles entregados espazadamente. Do mesmo xeito, o seguimento das actividades terá carácter periódico e as probas de recuperación, fixadas pola xefatura de estudos, serán trimestrais.

### 6. Seguimento e avaliación:

Este curso 2023- 2024, quedaron fixadas as seguintes probas escritas:

Do 20 ao 23 de novembro.

Do 19 ao 22 de febreiro.

Do 20 ao 23 de maio.

### 7. Acreditación da información á familia

Para informar ás familias da evolución do alumno farémolo a través do titor do grupo e dos boletíns de notas das avaliacións. Tamén poderase utilizar abalar, e no caso de que a familia non estea subscrita a abalar, a comunicación será telefónica.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

### 8. Temporalización curso 2023-2024 :

\*\*\*\*PENDENTE\*\*\*\*

1ª Avaliación: Entrega tarefas: Luns 6 de novembro 2023 \* 1º Examen parcial- Luns 21 de novembro 2022 16-15 - 17-15 \*\*

2ª Avaliación: Entrega tarefas: Luns 13 de febreiro 2023 \* 2º Examen parcial- Luns 27 de febreiro 2023 16-15 - 17-15\*\*

3ª avaliación\*\* Luns 22 de maio 2023 16:15 - 17:15

\* Non se recollerán nin valorarán as tarefas despois das datas fixadas para a súa entrega

\*\* Datas fixadas pola Xefatura de estudos

### 9. Contidos:



1º ESO:

1º parcial - Mosaic 1 Units 1,2,3.

2º parcial - Mosaic 1 Units 4,5,6.

2º ESO:

1º parcial - Way to English 2 Units 1,2,3,4.

2º parcial - Way to English 2 Units 5,6,7,8.

3º ESO:

1º parcial - Mosaic 3 Units 1,2,3.

2º parcial - Mosaic 3 Units 4,5,6.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

### PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

En concreto, na materia de lingua inglesa, este departamento establece o seguinte :

Unha vez realizada a avaliación inicial do alumnado, os membros do departamento trasladarán ao xefe de

departamento unha listaxe co alumnado destinatario dos plans específicos e das adaptacións curriculares, de selo caso. De igual xeito, comunicarase aos titores correspondentes cales son os estudantes que participan no programa para que transmitan a información aos pais e nais do alumnado.

Unha vez rematadas as sesións de avaliación inicial, cada membro do departamento reunirse co alumnado que deba participar nun plan específico personalizado, explicarlles cales son os motivos da súa implicación, cales serán as actuacións que se levarán a cabo e , de selo caso, os prazos a cumprir.

Nas primeiras semanas de curso faremos un seguimento exhaustivo deste alumnado para saber se as súas carencias curriculares son debidas á falta de esforzo, abandono ou mal comportamento ou, pola contra, existen dificultades de aprendizaxe. De ser así, entre as posibles medidas de reforzo educativo estarían:

- Atención individualizada deste alumnado dentro da aula na medida do posible.
- Revisión periódica do seu material escolar: libros, cadernos, fotocopias, etc, así como a comprobación de que anotan debidamente as tarefas indicadas e as datas dos exames.
- Repetición na casa do feito na clase e posterior comprobación.
- Reubicación dentro da aula ( primeiras filas ou cun compañeiro que os poida axudar)
- Se fora preciso, proporcionar material de reforzo de aspectos concretos. Neste sentido na Aula Virtual, no correspondente curso, existe un apartado específico para REFORZOS/ADAPTACIÓNS con exercicios extra agrupados en tres bloques: grammar, vocabulary, reading/writing. Igualmente, nestes mesmos cursos da aula virtual, ao final de cada unidade, aparece un epígrafe de EXTRA PRACTICE cuns boletíns en PDF con execicios extra moi similares aos feitos na aula.
- Entrevistas coas familias para informarlles do progreso e posibles incidencias.
- De existir informe médico, poderían ter tempo extra nos exames.
- Por último é importante sinalar, que se valorará positivamente o correcto seguimento do plan por parte do alumnado, extremo que terá reflexo na cualificación dos implicados no curso actual.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual				X	X			
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X				X		
ET.6 - A igualdade de xénero							X	
ET.7 - A creatividade			X				X	
ET.8 - A educación para a saúde							X	X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable				X				
ET.11 - O emprendemento social e empresarial			X					

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico						X		
ET.13 - Redución das desigualdades								
ET.14 - Acción polo clima					X		X	X
ET.15 - Fame cero						X		
ET.16 - Vida de ecosistemas terrestres								X
ET.17 - Industria, innovación e infraestrutura		X						
ET.18 - Traballo decente e crecemento económico				X	X			
ET.19 - Educación de calidade			X					
ET.20 - Saúde e benestar							X	X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual		
ET.4 - A competencia dixital	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores		
ET.6 - A igualdade de xénero		
ET.7 - A creatividade		X
ET.8 - A educación para a saúde		
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		
ET.11 - O emprendemento social e empresarial		X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico		
ET.13 - Redución das desigualdades	X	

	UD 9	UD 10
ET.14 - Acción polo clima		
ET.15 - Fame cero		
ET.16 - Vida de ecosistemas terrestres		
ET.17 - Industria, innovación e infraestrutura	X	
ET.18 - Traballo decente e crecemento económico		
ET.19 - Educación de calidade		
ET.20 - Saúde e benestar		

#### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Obra de teatro : " You can't stop my dream " da compañía Moving On Thetatre.. Para alumnado de 1º e 2º ESO. Data e lugar por determinar.	O alumnado disfrutará dunha obra íntegramente en inglés, con actores nativos de Gran Bretaña. Se trata dunha experiencia amena, divertida e comunicativa , xa que se conta coa participación dos asistentes.
Obra de teatro: "Change the channel" da compañía Moving On Theatre. Para alumnado de 3º e 4º da ESO. Data e lugar por determinar.	O alumnado disfrutará dunha obra íntegramente en inglés, con actores nativos de Gran Bretaña. Se trata dunha experiencia amena, divertida e comunicativa , xa que se conta coa participación dos asistente
Charlas sobre cultura anglosaxona no salón de actos do centro proporcionadas pola Editorial Burlington Books. Data por determinar . Catro sesións para alumnado de 2º, 3º e 4º ESO.	O alumnado terá ocasión de coñecer aspectos culturais dos países onde se fala a lingua inglesa através de charlas amenas, con apoio visual (powerpoints, videos) e íntegramente en inglés.

#### Observacións:

Todas estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Reviso e corrijo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados das correccións das probas e traballos.
Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
O nivel de dificultade é adecuado ao nivel que se imparte.

#### Descrición:

Estes 15 indicadores de logro sinalados serán tidos en conta polos membros do departamento á hora de avaliar o proceso de ensino e a súa práctica docente ao longo do curso. Tal e como se indica no seguinte epígrafe : 8.2, nos axudarán a sacar conclusións e tomar decisións que nos axuden a mellorar o proceso de ensino aprendizaxe do departamento.

### 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Resulta frecuente que ó longo do curso se presenten desviacións da programación feita ao inicio do mesmo. É necesario, polo tanto, que tanto ao final de curso como trimestralmente, levemos a cabo, nas reunións de departamento, unha análise e anotación posterior de todos aqueles aspectos que deberíamos ter en conta de cara a un reaxuste no proceso de ensino, propoñendo modificacións e melloras para o trimestre seguinte, ou ben, cara o seguinte curso, sobre aspectos tales como: adecuación do material didáctico empregado, libros de texto, recursos e actividades , posibles axustes na temporalización de contidos, análise exhaustiva dos resultados de cada avaliación

facendo uso das estatísticas, relacións de convivencia nas aulas, aproveitamento dos recursos dispoñibles no centro, idoneidade das actividades complementarias e extraescolares levadas a cabo, idoneidade das medidas de atención a diversidade, coordinación entre os membros do departamento, etc

O obxectivo final é que a avaliación sexa parte integrante da actividade cotiá da aula como mecanismo de reaxuste, tanto da aprendizaxe do alumnado como do propio proceso de ensino.

Os indicadores de logro mencionados no punto anterior (8.1) poden servirnos como guía para autoavaliar todos estes aspectos. Unha vez feita a autoavaliación por parte dos membros do departamento, tomaremos nota dos resultados obtidos, sacaremos conclusións e deixaremos constancia destas na memoria de fin de curso xunto con todas as propostas de mellora que poidan xurdir á vista dos resultados.

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

## 9. Outros apartados

Borrador